

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,  
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS  
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E  
SERVIZOS**

Día: 26.06.2018

Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 26 de xuño de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1.** Elaboración do ditame, á vista do Informe da Ponencia relativo á Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia (doc. núm. 20737, 10/PPLC-0000007)  
*Publicación do Informe da Ponencia, BOPG núm. 323, fasc. 1, do 20.06.2018*

**Punto 2. Preguntas**

- 2.1 21929 (10/POC-003533)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis  
Sobre as liñas do Plan de vivenda que a Xunta de Galicia levará a cabo para desenvolver o programa marco do Ministerio de Fomento  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018*
- 2.2 29277 (10/POC-004689)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón  
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de denegar a modificación puntual nº 7 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Curtis, publicada no "Diario Oficial de Galicia" do 27 de marzo de 2018, por non respectar a protección dos solos que teñen aptitude agronómica e prexudicar a sustentabilidade dos sectores agrario e gandeiro  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018*
- 2.3 31392 (10/POC-004951)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos proxectos de construción dos parques eólicos Monte Inxerio e Gasalla, promovidos pola empresa Green Capital Power, S. L. na comarca de Ordes, así como o seu impacto social e ambiental  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018*
- 2.4 31676 (10/POC-004991)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 4 máis

Sobre o tipo de medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación cos Penedos de Pasarela e Traba dende a súa declaración como paisaxe protexida mediante o Decreto 294/2008, así como as súas previsións respecto do seu desenvolvemento

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018*

2.5 31704 (10/POC-004995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do Plan especial de dotación e infraestruturas As Costeiras (PE-4), no concello de Baiona, o cumprimento do artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e as súas previsións respecto da adopción dunha resolución de remate

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018*

2.6 32031 (10/POC-005045)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a actuación levada a cabo e as previsións da Xunta de Galicia en relación cos supostos incumprimentos da autorización ambiental integrada pola empresa Tecnosolos Galaicos, S.L., no vertedoiro da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018*

2.7 32439 (10/POC-005093)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre a opinión e as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para arranxar os problemas de accesibilidade e seguridade denunciados pola veciñanza de Mandrás, en Celanova, afectada polo novo trazado e acondicionamento da estrada OU-531

*Publicación da iniciativa, BOPG núm. 323, fasc. 3, do 20.06.2018*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2018

Jaime Castiñeira Broz  
Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 20/06/2018 18:18:05**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

## Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Raúl Fernández Fernández	S
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 26.06.2018                      Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.        Elaboración do ditame, ç vista do Informe da Ponencia relativo ç  
Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados,  
orgánica de transferencia da titularidade e competencias da  
AP-9 ç Xunta de Galicia (doc. n.ºm. 20737, 10/PPLC-0000007)

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 26.06.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

2.        Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 26.06.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

2.1        21929(10/POC-003533)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiöeira Broz, Jaime e 6 mçis

Sobre as liöas do Plan de vivenda que a Xunta de Galicia  
levarç a cabo para desenvolver o programa marco do Ministerio  
de Fomento

*Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018*



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2017 13:24  
Nº Rexistro: 21929  
Data envío: 29/12/2017 13:24:30.706**

### **Á Mesa do Parlamento**

Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Antonio Mouriño Villar, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Na actualidade atópase en tramitación o Plan Estatal de vivenda 2018-2021 e segundo o seu borrador as liñas básicas serán as seguintes:

O impulso e mellora das axudas o alugueiro, o fomento do Parque de vivenda en alugueiro, axudas a persoas afectadas por desafiuzamentos, fomento da rehabilitación, eficiencia enerxética, rexeneración e renovación urbana, axudas para o acceso a vivenda e aos mozos, axudas a persoas maiores, así como a subsidiación dos préstamos concedidos ao abeiro dos plans de vivenda anteriores.

Este Plan de Vivenda, será desenvolvido nosa Comunidade autónoma, mediante o oportuno convenio co Ministerio de Fomento que o desenvolva.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

-Cales son as liñas do Plan de Vivenda que a Xunta levará a cabo en desenvolvemento do programa marco do Ministerio de Fomento?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2.017

#### **Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 29/12/2017 13:16:42**

**Martín Fernández Prado na data 29/12/2017 13:16:56**

**Antonio Mouriño Villar na data 29/12/2017 13:17:49**

**Marta Novoa Iglesias na data 29/12/2017 13:18:34**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 29/12/2017 13:18:57**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2017 13:24  
**Nº Rexistro: 21929**  
Data envío: 29/12/2017 13:24:30.706

**Gonzalo Trenor López na data 29/12/2017 13:19:24**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 29/12/2017 13:19:37**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 26.06.2018                      Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2      29277(10/POC-004689)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de denegar a modificación puntual nº 7 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Curtis, publicada no "Diario Oficial de Galicia" do 27 de marzo de 2018, por non respectar a protección dos solos que teñen aptitude agronómica e prexudicar a sustentabilidade dos sectores agrario e gandeiro

*Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 2.<sup>a</sup>**.

A mediados de febreiro, a Xunta de Galicia autorizou a creación dunha planta de biomasa en Curtis que se espera que estea operativa en abril de 2020. A instalación tería unha potencia de 49 MW e xeraría 375,7GWh anuais, segundo os datos do propio Goberno, o que a convertería na planta de biomasa máis grande do noso territorio. O seu custe, 113 millóns de euros, correría a cargo de Greenalia, unha empresa que comezou a súa andadura no sector forestal e que agora traballa tamén no sector enerxético.

Acerca disto, o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) xa advertiu que a planta de biomasa precisaría de grandes cultivos enerxéticos formados, principalmente, por especies alóctonas, como o eucalipto, e por especies invasoras como a mimosa, a acacia de madeira negra ou a falsa acacia. Tales cultivos terían que ser traballados recorrendo a grandes cantidades de abonos, auga e pesticidas, o que, xunto cos ciclos de corta reducidos de tres ou catro anos, remataría por estragar o chan e eliminar a súa fertilidade.

Precisamente en base á futura necesidade de materia prima, o alcalde xustificou a necesidade de aprobar unha modificación puntual no PXOM de Curtis, e así, o 16 de marzo do presente ano, o pleno da Corporación de Curtis aprobou dita modificación puntual, mudando as categorías de solo rústico presentes no plan xeral de ordenación municipal.



Dita modificación elimina todo o solo rústico de especial protección agropecuaria, para favorecer o cambio de uso de moitos deses solos que pasarán a ser solo rústico de protección ordinaria.

Isto sucede nun concello e nunha comarca cunha presenza importante do sector lácteo, e cunhas explotacións que precisan, moitas delas, incrementar a súa base territorial.

Os solos con aptitude agronómica deben de ser un valor a conservar nun país onde xa 2 de cada 3 has é superficie forestal e onde o sector gandeiro ten que camiñar cara un modelo de alimentación menos dependente da importación de piensos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>

Considera, ante o exposto, que a Xunta de Galicia debe denegar a Modificación Puntual Nº 7 do PXOM do Concello de Curtis publicada no DOGA de 27 de marzo de 2018,

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180327/AnuncioL132-210318-0002\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180327/AnuncioL132-210318-0002_es.html), por non respectar a protección de aqueles solos que teñen aptitude agronómica, e por prexudicar a sostenibilidade do sector gandeiro e agrario?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García  
Deputado do G.P. de En Marea.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/04/2018 09:30**  
**Nº Rexistro: 29277**  
Data envío: 11/04/2018 19:34:44.273

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 11/04/2018 19:25:28**

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 26.06.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

2.3        31392(10/POC-004951)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos  
proxectos de construción dos parques eólicos Monte Inxerio e  
Gasalla, promovidos pola empresa Green Capital Power, S. L.  
na comarca de Ordes, así como o seu impacto social e  
ambiental

*Publicación da iniciativa, 316, 06.06.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/05/2018 10:43  
Nº Rexistro: 31392  
Data envío: 28/05/2018 10:43:48.250

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Nas pasadas semanas a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Secretaría de Estado de Medio Ambiente tivo en período de consultas a avaliación do impacto ambiental dos proxectos de parques eólicos promovidos pola empresa **GREEN CAPITAL POWER, S.L.**; coñecidos como **Ardemil (Ordes), A Pobra (Mesía) e Labandeira (Vilasantar)**. O coñecemento destes proxectos por parte dos concellos afectados foi moi tardía pois a faísca saltou nos últimos días do prazo de alegacións. Era tal o despropósito e a falsidade de datos contidos e foi tal a alarma creada que a mesma empresa comunicou ós respectivos alcaldes que desistía deles. Pero a verdade é que seguen activos en fase de consultas na páxina Web do Ministerio.

O que non se sabía é que a mesma empresa tiña xa desde outubro de 2017 presentada unha solicitude ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria de polo menos 2 novos parques na comarca, pois se están a tramitar na Dirección Xeral de Enerxía e Minas expedientes de autorización administrativa previa á construción de dous PARQUES EÓLICOS – os denominados **MONTE INXERIO** (Ordes e Cerceda) e **GASALLA** (Frades e Mesía)- na Comarca de Ordes, promovidos por

Green Capital Power ao amparo da Lei 8/2009, sen que ata a data actual se enviase comunicado oficial a ningún dos Concellos afectados.

Os efectos da instalación dos aeroxeradores na poboación, na paisaxe e a contaminación acústica que ocasionan están a xerar un importante rexeitamento das veciñas e dos veciños destes concellos, cun territorio maiormente marcado polo seu óptimo aproveitamento rural, agrícola, gandeiro e forestal; o que suscita adoptar un criterio razoable de que nos atopamos en espazos territoriais non axeitados para a instalación de parques eólicos e as infraestruturas paralelas que levan aparelladas.

Se atendemos as localizacións e características dos elementos de cada un destes parques eólicos, e analizando as localizacións propostas pola promotora, resulta inadmisibile e inaceptable a colocación destes aeroxeradores, dun xeito significativo e relevante pola súa afección á poboación, dado que en concellos como os nosos, cuxos núcleos rurais de asentamento se encontran moi diseminados, ou inclusive coa existencia de vivendas illadas, a pretendida localización destes é moi próxima ás vivendas, a pesar de tratar de xustificar os 500 metros que marca o plan eólico galego. O efecto sombra, a reflexión solar e o ruído, capaz de afectar tanto ao oído humano como ao seu sistema nervioso, resultarán nocivos para a saúde das veciñas e dos veciños.

Ademais, non podemos obviar que a transformación da paisaxe resulta irreversible dada a orografía do terreo do noso contorno, tanto polo tamaño dos aeroxeradores como polos demais elementos do parque (edificacións auxiliares, vías internas, rede eléctrica, etc.). Igualmente a avifauna vese seriamente afectada, pola afección non só do seu hábitat senón tamén dos seus costumes, así coma das consecuencias negativas para o solo e a auga.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/05/2018 10:43**  
**Nº Rexistro: 31392**

Data envío: 28/05/2018 10:43:48.250

En canto ás figuras de protección medioambiental, cómpre recordar que na nosa comarca se atopa: o espazo protexido LIC río Tambre así como espazos de Rede Natura; espazos naturais de interese local de acordo co disposto na Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza; parte do espazo sitúase dentro da Reserva da Biosfera denominada “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”; así como o trazado do Camiño de Santiago (Camiño Inglés).

Para rematar, cómpre engadir que nos atopamos nunha comarca cunha alta porcentaxe de terreos sometidos a procesos de concentración parcelaria, que no caso de Frades, Mesía e Oroso aproxímase ao 100% do seu territorio, e en Ordes supera o 80%; e que no caso concreto dos dous parques mencionados afecta integramente terreos cun alto potencial de aproveitamento do solo, ben sexa nas terras de labor desde o punto de vista agrícola e gandeiro, como nas terras a monte para un óptimo aproveitamento forestal.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Ten coñecemento a Xunta de Galicia das incoherencias dos proxectos de Parques Eólicos de MONTE INXERIO E GASALLA promovidos pola empresa Green Capital Power e cal é a súa valoración?

-Considera a Xunta e Galicia que estes proxectos teñen a seriedade e as garantías necesarias para seren levados a cabo?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/05/2018 10:43  
Nº Rexistro: 31392  
Data envío: 28/05/2018 10:43:48.250

-É consciente a Xunta de Galicia do impacto social e ambiental que tería a instalación destes Parques Eólicos?

-Considera a Xunta de Galicia que a contraprestación económica que estes proxectos deixan na zona afectada é proporcionada ó impacto medioambiental e social que xeran?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/05/2018 10:42:10**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/05/2018 10:42:15**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/05/2018 10:43**  
**Nº Rexistro: 31392**  
Data envío: 28/05/2018 10:43:48.250

**Ana Pontón Mondelo na data 28/05/2018 10:42:17**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2018 10:42:18**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/05/2018 10:42:19**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/05/2018 10:42:20**

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 26.06.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

2.4        31676(10/POC-004991)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 4 máis

Sobre o tipo de medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación cos Penedos de Pasarela e Traba dende a súa declaración como paisaxe protexida mediante o Decreto 294/2008, así como as súas previsións respecto do seu desenvolvemento

*Publicación da iniciativa, 316, 06.06.2018*

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Sendo Emilio Pérez Touriño o presidente da Xunta de Galicia, declarou paisaxe protexida por medio do Decreto 294/2008 os Penedos de Pasarela e Traba, un conxunto de elevacións graníticas situadas no noroeste da comunidade autónoma de Galicia, en plena Costa da Morte, entre os concellos de Vimianzo e Laxe, na provincia da Coruña. Xustamente este ano cumpriranse 10 anos.

O propio decreto poñía en valor esta formación rochosa destacando a súa singularidade e beleza, xa que forman “un impresionante pano de fondo visible tanto desde a localidade de Pasarela como, dunha maneira especial, desde a área de Traba. Postos no areal que pecha a lagoa pódese contemplar unha das paisaxes máis fermosas da costa de Galicia.”

Testemuñas da nosa historia son as rochas que nos indican “os valores culturais como elemento singular nas paisaxes galegas, verdadeiros fitos aos que se lle asocian desde lendas e tradicións ata poderes curadores, tanto de enfermidades como, mesmo, de amores, desamores ou encantamentos”. “Non se trata unicamente de pedras amorfas e sen valor”, di o Decreto, “senón de elementos figurativos, preceptuais e culturais das paisaxes”.

Así no artigo 1º, establécese que “De conformidade co establecido na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, declárase paisaxe protexida o espazo natural coñecido como Penedos de Pasarela e Traba”.

E no artigo 6º relativo á xestión establecíase, entre outras cousas, que a consellaría competente é a responsable da xestión deste paraxe único. Isto implica, con carácter xeral a conservación e a protección dos elementos desta paisaxe e de maneira especial a protección e a conservación das rocas que integran esta paisaxe protexida. O Decreto ademais establece que fomentará o

#### Grupo Parlamentario

coñecemento desta paisaxe e promoverá a realización de programas de investigación e de educación ambiental. Tamén se promovería un desenvolvemento económico e turístico desa zona que fose respectuoso co medio.

~~Partido dos  
Socialistas  
de Galicia~~

Dende que o PP chegou ao Goberno da Xunta, este decreto permaneceu nun caixón, e un lugar tan emblemático e único como son os Penedos non recibiron ningún tipo de atención, obviando un decreto que aínda permanece en vigor. Isto a pesar que na disposición adicional primeira marcábase un prazo de dous anos desde a entrada en vigor deste decreto, para que a consellaría competente en materia de medio ambiente aprobase o plan de conservación da paisaxe protexida Penedos de Pasarela e Traba.

Unha paisaxe protexida é aquela parte do territorio que as administracións competentes, a través do planeamento aplicable, e de acordo co Convenio Europeo da Paisaxe, consideran merecentes dunha protección especial polos seus valores naturais, estéticos e culturais. Dende a aparición desta figura de paisaxe protexida son dúas as paisaxes galegas que, ademais dos valores citados, presentan unha relación harmoniosa entre o ser humano e o medio natural que xustifica a súa declaración oficial: Os Penedos de Pasarela e Traba nos concellos coruñeses de Vimianzo e Laxe, e o Val do río Navea nos concellos ourensáns de San Xoán de Río e a Pobra de Trives.

Sería preciso que a Xunta aprobase un plan de conservación e un plan de conservación que inclúa un plan de acción que garanta a protección, xestión e ordenación desta paisaxe, todo iso co obxecto de evitar o deterioro do conxunto. Todo cando fixo o Goberno de Feijóo foi incluír un enlace na súa páxina web de Turismo. Nin sequera aceptou a invitación do Concello de Laxe para participar na mesa redonda que se celebrará ao día un de xuño, “Un impulso ó Plan de Conservación dos Penedos de Pasarela e Traba”.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que tipo de medidas levou a cabo o Goberno galego desde a declaración polo Decreto 294/2008 dos Penedos de Pasarela e Traba como paisaxe protexida?



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 31/05/2018 11:02  
Nº Rexistro: 31676  
Data envío: 31/05/2018 11:02:37.897



---

**Grupo Parlamentario**

2ª) Pensa desenvolver o Goberno galego o Decreto 294/2008, en que prazos?

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2018

~~Partido dos~~  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 31/05/2018 10:58:36**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 31/05/2018 10:58:48**

**María Luisa Pierres López na data 31/05/2018 10:58:56**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 31/05/2018 10:59:14**

**Raúl Fernández Fernández na data 31/05/2018 10:59:24**

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 26.06.2018                    Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.5      31704(10/POC-004995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do Plan especial de dotación e infraestruturas As Costeiras (PE-4), no concello de Baiona, o cumprimento do artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e as súas previsións respecto da adopción dunha resolución de remate

*Publicación da iniciativa, 316, 06.06.2018*





## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

En setembro do pasado ano, este grupo parlamentario rexistraba iniciativas sobre o Plan especial de dotación e infraestruturas “As Costeiras (PE-4)” en Baredo, no concello de Baiona (Pontevedra), proxecto que tivo en contra á veciñanza da parroquia dende o momento en que o coñeceron.

Do propio proxecto derívase que o estudo de impacto ambiental presentado pola empresa resulta insuficiente, en aspectos tan relevantes como xeografía, demografía e ecoloxía, sendo especialmente preocupante o impacto directo sobre os recursos hídricos, a flora e a fauna. Así consta expresamente en varias resolucións da Xunta de Galicia, como a resolución da Consellería de Medio Ambiente, de 31 de agosto de 2015, desfavorable ao dito estudo de impacto ambiental.

Falamos do ano 2015. Non se ten movido un papel dende entón. O artigo 60 da Lei do solo de Galicia 2/2016, de 10 de febreiro, establece que “o órgano ambiental realizará unha análise técnica do expediente e unha análise dos efectos significativos da aplicación do plan no medio ambiente. Se durante a análise observase algunha deficiencia, instará ao concello á subsanación no prazo máximo de tres meses. Transcorridos tres meses dende o requirimento do órgano ambiental ao concello sen ter remitido o expediente subsanado, o órgano ambiental dará por finalizada a avaliación ambiental estratéxica, notificando ao concello promotor e á consellería competente en materia de Urbanismo a resolución de terminación”. O propio Goberno, en data 15 de decembro de 2017, respondía a este grupo que o Concello de Baiona non remitira a súa proposta final do plan. Procede, polo tanto, unha resolución de terminación.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a opinión do Goberno galego sobre o Plan especial de dotación e infraestruturas “As Costeiras (PE-4)”, no concello de Baiona?
2. En relación a este plan especial, está a cumprir o Goberno o artigo 60 da Lei do solo de Galicia 2/2016, do 10 de febreiro?
3. Pasados tres meses dende o requirimento polo Goberno ao Concello de Baiona sen terse remitido por este último o expediente subsanado, vai acordar o Goberno unha resolución de terminación? Cando?

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Abel Losada Álvarez  
Raúl Fernández Fernández  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 31/05/2018 12:00:08**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/05/2018 12:00:19**

**Raúl Fernández Fernández na data 31/05/2018 12:00:25**

**María Luisa Pierres López na data 31/05/2018 12:00:30**

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 26.06.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

2.6        32031(10/POC-005045)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a actuación levada a cabo e as previsións da Xunta de Galicia en relación cos supostos incumprimentos da autorización ambiental integrada pola empresa Tecnosolos Galaicos, S.L., no vertedoiro da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela

*Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª**.

A empresa Tecnosolos Galaicos S. L. desempeñou ata agora a súa actividade na canteira de Miramontes, Grixoa (Santiago de Compostela), elaborando tecnosolos (solos artificiais feitos a partir de residuos) que se destinan na súa maioría á recuperación do solo degradado pola actividade de extracción de áridos na propia canteira.

Tecnosolos Galaicos debe presentar un informe semestral de actividade. No informe do 1º semestre de 2016 a empresa manifesta, no punto 1 –“Relación de entrada de residuos”– que entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2016, recibíronse na instalación 16.039,275 toneladas de residuos, das que se empregaron para a elaboración de tecnosolos 13.229,035 toneladas. No punto 3 –“Destino del tecnosol producido”– dise textualmente: “Hasta la fecha todo el tecnosol producido se encuentra almacenado en espera de su aplicación en las zonas a regenerar dentro de la cantera”.

A afirmación citada non encaixa co feito de que nos proxectos da planta de elaboración de tecnosolos non se contempla ningunha zona de almacenamento, salvo a zona de maduración que ten unha capacidade máxima de 900 toneladas. De feito o proxecto de explotación describe que, tras a maduración, os tecnosolos son transportados directamente á zona de aplicación. Pero a realidade é ben distinta. Os tecnosolos foron almacenados no exterior, preto da planta de



elaboración, nun acopio de varios metros de altitude, creando unha parede artificial no extremo sur da canteira.

No informe semestral de actividade do 1º semestre de 2017, dise que o material elaborado que estaba almacenado durante o 2016 aplicouse na canteira entre os meses de outubro e novembro, mentres a meteoroloxía o permitiu. Segundo o informe, o material producido entre decembro de 2016 e xuño de 2017 almacenouse preto da planta de produción, para ser aplicado entre os meses de xullo e outubro do 2017.

Atendendo á normativa ITR/01/08 –instrución técnica de residuos para a elaboración de solos artificiais– e segundo o recollido nas condicións da resolución 05/10/2016, o tecnosolo deberá achegarse en épocas do ano en que non se produza unha saturación hídrica do terreo. Aparentemente, para cumprir con esta condición, Tecnosolos Galaicos opta por unha solución moito peor que é almacenalos no extremo da canteira, no borde da montaña, nun lugar non impermeabilizado, expostos á auga de choiva, xerando lixiviados directamente cara o exterior da canteira. O problema agrávese tendo en conta que, segundo demostraron as inspeccións, o produto elaborado nin sequera cumpría as condicións para ser considerado tecnosolo e que, ademais, almacenábase sen madurar.

Non se entende, por tanto, por que non contando a empresa cun lugar impermeabilizado e cuberto (para evitar a contaminación por lixiviados) onde almacenar o tecnosolo elaborado, se lle permite empezar a actividade moitos meses antes de que lle fose outorgada a autorización para a aplicación do tecnosolo na canteira (o día 05/10/2016) e como, tendo coñecemento dos almacenamentos a través dos informes semestrais de actividade, non se lle insta a parar a produción ata darlle saída aos acopios. Os lixiviados xerados por esta



acumulación están provocando, aínda na actualidade, vertidos cara as leiras dos veciños que desembocan no regato do Gatofero. Recentemente descubriuse ademais unha posible afección á fonte da que se abastecen os veciños de Miramontes.

Tampouco se comprende o temerario déficit de control da empresa. Nas actas de inspección non figura ningún control de augas subterráneas, que debería realizarse tendo en conta:

- As acumulacións de residuos que lixivian cara a ladeira da montaña mediante unha gabiá escavada no terreo.
- A existencia de 3 fontes no contorno próximo dos espazos de aplicación dos tecnosolos.
- Que a ITR/01/08 contempla a posibilidade do control de augas subterráneas no caso de aplicarse tecnosolos a superficies de máis de 1 ha, como é o caso da canteira de Miramontes.
- Que as zonas de aplicación de “supostos tecnosolos” están próximas (200-400 metros) a espazos sensibles (curso fluvial, terreos agrícolas e vivendas).

Atendendo ás analíticas que os inspectores ambientais da propia Xunta realizaron ás mostras recollidas, bótase en falla, ademais, a comprobación de diversas condicións que deben cumprir os tecnosolos conforme á instrución técnica de residuos ITR/01/08 relativa á elaboración de solos artificiais. Falla:

- A verificación dos niveis máximos de microorganismos patóxenos Salmonella e Escherichia coli.
- O ensaio de toxicidade aguda en miñocas conforme ao test OCDE 207.



- O ensaio de emerxencia e crecemento de sementes de plantas terrestres conforme ao test OCDE208.

Nas conclusións da acta de inspección do vertedoiro do 19 de novembro advírtese tamén de que:

- Non se realizan caracterizacións básicas nin probas de conformidade dos residuos que entran no vertedoiro con maior carga orgánica.
- Non se fai un control visual do contido dos residuos antes da descarga do camión no vertedoiro.
- As analíticas do contido de carbono orgánico disolto (COD) en tres mostras arroxaron resultados incompatibles coa normativa vixente.
- A xestión no rexeitamento de residuos é deficiente.
- Nas observación macroscópicas observáronse residuos que non deben entrar no vertedoiro e non están reflexados no libro de incidencias.

Pero o máis grave na xestión do vertedoiro é que, paulatinamente, se está modificando o seu uso de facto para transformalo nun vertedoiro de residuos domésticos que chegan como rexeites doutras plantas.

No proxecto construtivo do vertedoiro, no punto 13 “Protección de la calidad del aire y seguridad en el vaso de vertido. Producción y tratamiento de gases”, estímase que a porcentaxe de materia orgánica recibida no vaso de vertedura sexa aproximadamente, en composición real do 5% , aínda que, nunha posición conservadora partiuse dunha porcentaxe máxima en peso do 10%. Tal e como se reflicte no Protocolo de Admisión controlárase a porcentaxe de materia orgánica por medio das análises que se realizarán aos residuos de entrada. Segundo se describe neste mesmo apartado:



“En el caso concreto del vaso de EYREGA, partiendo de que se prohíbe el vertido de residuos líquidos, que se controlará la presencia de agua en el residuo y que se garantizará el control de presencia de materia orgánica a través de las pruebas de conformidad iniciales del residuo cabe esperar una producción de gas muy reducida en la realidad, tanto por ausencia de insumo a la reacción (bajo % en peso de materia orgánica) como por restricción en la presencia de agua en el residuo (materiales, en general de baja higroscopicidad).”

Pero a realidade é que non se están cumprindo estas condicións sinaladas no proxecto do vertedoiro. Por unha banda, a entrada de líquidos e auga no vaso é superior ao inicialmente previsto. Por outra, as inspeccións confirman que a porcentaxe de materia orgánica que se está admitindo no vertedoiro é moi superior ao 10% estimado no proxecto aprobado.

As consecuencias do desleixo na xestión do vertedoiro falan por si mesmos da ameaza que o lugar supón para a contorna e para a saúde. A auga da choiva que escorrega ou filtra a través do amoreamento dos lodos da ría de Noia e o amoreamento dos “supostos tecnosolos” é vertida directamente ao solo, sen ser tratada, por medio dunha gabia escavada sobre o terreo. A situación sigue sen arranxarse 10 meses despois da primeira acta onde se detectan os vertidos cara a ladeira sur da montaña.

O asunto é tan grave que ata a Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático tivo que recoñecer na Comisión de Medio Ambiente do 22 de marzo do presente ano que, efectivamente, a situación do vertedoiro non é adecuada pola proximidade ás casas da veciñanza.





Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

- Por que se permitiu que a empresa comezara a actividade de fabricación de tecnosolos destinados á recuperación da canteira no ano 2015 cando a autorización para a súa aplicación na canteira non se outorgou ata o 05/10/2016?
- Por que se permitiu esta práctica de amoreamento de tecnosolos fóra da planta, sobre o terreo e expostos á choiva?
- Fíxose algún control das augas subterráneas e das fontes próximas á canteira? Teñen pensado facer análises periódicas das augas subterráneas e das fontes?
- Fixo a Xunta análíticas de microorganismos patóxenos nos tecnosolos?
- Non está xustificada unha investigación profunda coa realización de catas en distintos puntos do vaso para comprobar o tipo de residuos que estiveron entrando?
- Por que case un ano despois de detectar, na inspección iniciada pola denuncia dos veciños, o acopio de supostos tecnosolos e a acumulación dos lodos da ría de Noia directamente sobre o terreo non se retiraron estes residuos contaminantes? Tomouse algunha medida, aparte do peche cauteloso da planta de elaboración de tecnosolos, para evitar a contaminación?
- Está autorizada algunha modificación do proxecto de Tecnosolos Galaicos SL para a construción dunhas balsas de lixiviados non contempladas nos proxectos aprobados inicialmente nas autorizacións da empresa?
- Pode entón garantir a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático que non se vai autorizar a ampliación do vertedoiro ao outro oco da canteira nin ningunha outra actividade de xestión de residuos nesta?



- Que medidas vai tomar o vertedoiro para reducir os cheiros que se están a producir e que se intensificaron nos últimos meses e para controlar os gases tóxicos que emanan das chemineas, e cal é o prazo que ten para executar estas medidas?
- Como se pensa paliar os efectos da alta carga de materia orgánica que estivo entrando neste vertedoiro de residuos non biodegradables? Ten pensado a Xunta facer algunha medición da calidade do aire no entorno da canteira?
- Asumir un cambio no proxecto do vertedoiro para permitir unha entrada de materia orgánica moi superior ao inicialmente prevista non requiriría isto dunha modificación substancial da Autorización Ambiental Integrada do vertedoiro?
- Por que, á vista dos resultados das inspeccións ao vertedoiro, onde se detectan incumprimentos importantes da Autorización Ambiental Integrada, incluído un cambio de tipoloxía do vertedoiro que está a provocar graves problemas de cheiros que afectan profundamente á calidade de vida dos veciños, non se considerou a apertura de ningún expediente sancionador?

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/06/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 32031**  
Data envío: 07/06/2018 14:10:15.217

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 07/06/2018 13:57:53**

**Marcos Cal Ogando na data 07/06/2018 13:58:09**

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 26.06.2018                      Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.7      32439(10/POC-005093)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre a opinión e as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para arranxar os problemas de accesibilidade e seguridade denunciados pola veciñanza de Mandrás, en Celanova, afectada polo novo trazado e acondicionamento da estrada OU-531



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/06/2018 17:26  
Nº Rexistro: 32439  
Data envío: 14/06/2018 17:26:05.469

### Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade de mellora e revisión do treito da OU-531 ao seu paso por Mandrás (Celanova) e ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza.

Desde o outono de 2017 a veciñanza da poboación de Mandrás, en Celanova, estase a ver afectada por un novo trazado e acondicionamento da estrada OU-531 que, lonxe de supor unha mellora cualitativa, está a traer moitos inconvenientes para a veciñanza. Por estes motivos, teñen desenvolvido accións reivindicativas na procura dunha resposta por parte das administracións que non acaba de chegar.

Dunha banda, coa reforma emprendida eliminouse no espazo principal do núcleo a posibilidade de xirar á esquerda no caso de proceder desde Celanova, suprimindo a anterior liña discontinua e habilitando, no canto dun carril para facer esa manobra con seguridade, un carril de adiantamento de 70 km por hora. A única opción é recorrer unha ampla distancia até a rotonda do polígono e dar a volta. Isto ocasiona numerosos inconvenientes tanto para a veciñanza a título individual como para o desenvolvemento dos negocios, xa que na práctica



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/06/2018 17:26**  
**Nº Rexistro: 32439**

Data envío: 14/06/2018 17:26:05.469

totalidade todos eles están situados á marxe esquerda. Por outra banda, a veciñanza considera un problema engadido de seguridade a alta velocidade de paso dos vehículos polo termo da poboación. Máis aínda, hai que engadir que esta é unha ruta moi transitada por persoas que saen a camiñar, correr e mesmo desenvolver actividade ciclista. Unha posibilidade que suxiren, tamén instada a través do concello, sería a de suprimir o carril de aceleración e habilitar no seu lugar un paso para a entrada a Mandrás, mellorando a situación anterior de mera liña descontinua e sendo similar ao que se pode ver mesmamente antes de chegar a Celanova por esa mesma estrada ou na OU-540 no Cristal, co engadido da vantaxe que supón a boa visibilidade da zona, cunha curvatura lixeira moi ampla e sen obstrucións para a visibilidade. Así mesmo, sería preciso reducir a velocidade de paso, xa que é un treito pequeno e poboado ao temo que moi transitado por peóns e deportistas.

Diante desta situación, a veciñanza acudiu ao Concello e constituíuse unha comisión mixta para dar cunha solución de seguridade e meirande comodidade para a veciñanza. As veciñas e veciños recolleron sinatura e mesmo acudiron a unha reunión no mes de febreiro de 2018 coa delegación territorial da Xunta de Galiza en Ourense. Porén, até o momento non se ten avanzando na cuestión.

Desde o Bloque Nacionalista Galego compartimos as inquedanzas da veciñanza e consideramos que a Xunta de Galiza debe abandonar a súa desidia e falta de diálogo para buscar unha solución consensuada.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/06/2018 17:26  
Nº Rexistro: 32439

Data envío: 14/06/2018 17:26:05.469

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza para pór fin aos problemas de accesibilidade e seguridade que denuncia a veciñanza de Mandrás (Celanova)?

-Que tipo de demandas recibiu a Xunta de Galiza en nome do Concello de Celanova sobre esta cuestión? En que datas e por medio de que soporte?

-Coñece o goberno galego a existencia de sinaturas da veciñanza de Mandrás demandando unha solución para xirar á esquerda con seguridade cando se circula desde Celanova? Que alternativas ten avaliado ao respecto? Cales son as razóns de demorar unha resposta?

-Considera a Xunta de Galiza adecuada a velocidade do treito referido? Ten pensado actuar neste sentido? Con que método?

-Considera a Xunta de Galiza suficientes as medidas de seguridade do treito referido para as e os peóns? Ten pensado actuar neste sentido? Con que método?

-Avalía a Xunta de Galiza constituír unha mesa tripartita Xunta-Concello-veciñanza na procura dunha solución consensuada?

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/06/2018 17:26  
Nº Rexistro: 32439

Data envío: 14/06/2018 17:26:05.469

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/06/2018 17:18:55**

**María Montserrat Prado Cores na data 14/06/2018 17:19:00**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2018 17:19:01**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 14/06/2018 17:19:03**

**Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2018 17:19:04**

**Xosé Luis Bará Torres na data 14/06/2018 17:19:05**